



Proposta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) para o programa das eleccións municipais de 2011

A normalización lingüística é un proceso social que procura, ao abeiro da lexislación vixente, a xustiza no ámbito sociolingüístico, para que os galegos e as galegas poidamos manter a visión do mundo desde a óptica que só nos pode dar a lingua propia do noso territorio. É responsabilidade de todos e de todas contribuírmos deste xeito a manter a diversidade e a riqueza lingüística e cultural do mundo, para que poidamos chamarlles ás cousas cos nomes xenuínos que aquí se lles deron, e para que poidamos facelo con normalidade.

Por iso, as administracións teñen a obriga legal e a responsabilidade social de apoiar e promover ese proceso e, así, deben implementar políticas lingüísticas activas, dinámicas e integradoras.

Para desenvolveren e implementaren as súas políticas en calquera ámbito, os concellos dótanse de instrumentos técnicos. Así, para desenvolveren a política urbanística teñen departamentos de urbanismo; para desenvolveren as políticas culturais teñen departamentos de cultura; para desenvolveren as políticas sociais crean departamentos de servizos sociais...

Pois ben, no ámbito da política lingüística eses departamentos técnicos son os servizos de normalización lingüística (SNL).

Desde a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), **instamos a todas as organizacións políticas a incluír no seu programa para as eleccións municipais de 2011 o seguinte punto** relativo á política lingüística desde o concello e complementario a outras propostas que se poidan ter para a normalización da lingua galega:

Promocionar o uso e prestixio do galego en todas as accións do concello e en todos os ámbitos do municipio, para o que se creará [ou potenciará e consolidará, de ser o caso] un servizo de normalización lingüística (SNL) estábel [ben propio, ben compartido con outros concellos (en caso de concellos pequenos)], dotado de recursos humanos e partida orzamentaria suficiente.